

## CONVOCATORIA DE MOBILIDADE SICUE. SISTEMA DE INTERCAMBIO ENTRE CENTROS UNIVERSITARIOS ESPAÑOIS. CURSO 2024/2025

A Universidade da Coruña (UDC) publica a convocatoria de prazas en universidades españolas, no marco do Programa de mobilidade do sistema de intercambio entre centros universitarios españois (SICUE) convocado pola CRUE, para o próximo curso académico 2024/2025.

**Este programa de intercambio de alumnado entre universidades españolas non dá dereito a axuda económica.**

### OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA DE APLICACIÓN

A finalidade deste programa é a de lles facilitar aos estudantes españois a realización dunha parte dos seus estudos nunha universidade española distinta á súa, con garantías de recoñecemento académico e aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular. O recoñecemento destes estudos realízase nos termos previstos na Normativa de xestión académica da UDC e pola propia Normativa do Programa SICUE para o curso 2024/2025 emitida pola *Conferencia de Rectores de Universidades Españolas CRUE* (pode atopalo na ligazón da web da UDC: [https://www.udc.es/en/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade-nacional-sicue/](https://www.udc.es/en/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade-nacional-sicue/) na convocatoria de SICUE para o curso 2024/2025, e xunto con máis información na ligazón web da CRUE: <https://www.crue.org/sicue/>).

### CONDICIÓNS

As prazas de intercambio que se convocan para cada titulación son as que pode atopar na ligazón da web da ORI: [https://www.udc.gal/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade-nacional-sicue/](https://www.udc.gal/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade-nacional-sicue/) na convocatoria de SICUE 2024/2025. Na seguinte ligazón da web da CRUE figura a totalidade dos Acordos Bilaterais das Universidades Españolas para o curso 2024/2025: <https://www.crue.org/sicue/>. O estudiantado deberá comprobar o grao de implantación da súa titulación nas páxinas web das respectivas universidades. Será responsabilidade do/a estudante confirmar coa universidade de destino a localidade/campus onde realizará a súa estada, xa que algunhas universidades ofertan a docencia dun mesmo grao en campus de distintas localidades.

- O estudiantado que participe neste intercambio seguirá sendo alumnado da UDC, onde se matriculará e abonará os prezos públicos correspondentes. Na convocatoria 2024/2025 inclúese a obriga de que, antes de efectuar a matrícula na universidade de destino, o estudante debe ter o acordo académico asinado por parte do coordinador académico de dita universidade.

Código Seguro De Verificación	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- O alumnado que teña intención de incluír o TFG no acordo académico deberá contactar co coordinador da universidade de destino para coñecer os requisitos asociados no seu caso. A asignación de tema e/ou titor e a defensa do traballo deberá facerse conforme aos requisitos establecidos pola universidade de destino. Con este fin, o TFG debe estar contemplado no acordo bilateral entre as institucións e figurar no acordo académico do alumnado.
- Sempre e cando non contraveña a normativa interna da UDC e o coordinador académico así o autorice, poderase incluír no acordo académico materias cualificadas como suspensas con anterioridade. No caso de materias non presentadas, estas terán o mesmo tratamento que se se desen na universidade de orixe, tanto para os efectos de cualificación como para os efectos de convocatoria.
- No caso de que o alumnado desexe incluír no intercambio SICUE materias que non se atopan na titulación como obxecto do acordo, logo da autorización de todos os coordinadores da universidade de destino e da universidade de orixe implicados, o poderá facer.
- Poderanse cursar materias optativas do plan de estudos da universidade de destino, non incluídas no plan de estudos da UDC e incorporalas posteriormente ao expediente do alumno ou da alumna na UDC como optativas.
- No acordo académico especificarase a duración das estadías do intercambio. Para o curso 2024/2025 serán as seguintes:
  - Medio curso: para cursar un mínimo de 24 créditos
  - Curso completo: para cursar un mínimo de 45 créditos
- Naqueles supostos nos que ao/á estudante lle resten para finalizar os seus estudos menos créditos que o mínimo esixido en cada tipo de estadía, poderá optar ao intercambio de ditos créditos, aínda que estes sexan menos do mínimo esixido sempre e cando se matricule de todos eles na universidade de orixe e inclúanse no acordo bilateral SICUE. Se o número de créditos que lle restan é menos de 24 créditos só poderá gozar da mobilidade nun único semestre.
- Só se poderá examinar en destino das materias incluídas no contrato de estudos. Dado que o curso académico na UDC consta unicamente dunha convocatoria, todas as materias incluídas no contrato de estudos serán unicamente obxecto de avaliación e cualificación na universidade de destino durante o curso que se realice a mobilidade.
- Reservarase un 5% da totalidade das prazas dispoñibles para o estudiantado que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de non seren cubertas, pasarán ao alumnado sen discapacidade recoñecida.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





O alumnado con grao de discapacidade igual ou superior ao 33% poderá solicitar unha diminución dos créditos matriculados. Esta solicitude deberá ir acompañada dun informe da unidade de atención á diversidade e á discapacidade da universidade de orixe.

Nestes casos, as universidades de orixe e destino tentarán informar, coordinar e realizar o seguimento máis axeitado, a través das persoas responsables da mobilidade e unidades de atención á diversidade e á discapacidade, para o mellor desenvolvemento dos intercambios do estudiantado con discapacidade.

- Nos casos de deportistas de alto nivel e rendemento, vítimas de violencia de xénero ou estudantes que por razóns de saúde requiran o seu traslado a un municipio específico, poderase flexibilizar os prazos de xestión da mobilidade sempre e cando ditas solicitudes estean debidamente xustificadas e motivadas polo/pola estudante. Esta flexibilidade aplicará a este colectivo para facilitar a posibilidade de cambio de destino dentro dos destinos seleccionados polo/pola estudante na súa solicitude SICUE. Esta excepcionalidade quedará supeditada á dispoñibilidade de prazas e á aceptación por parte da Universidade de destino.
- Permítese tanto a redución da estadía (de curso completo a medio curso) como a ampliación de estadía (de medio curso a curso completo), sempre que os coordinadores das universidades de orixe e de destino estean de acordo. En calquera caso, a redución ou ampliación da estadía de intercambio recollerase no Acordo Académico (impreso C). Pode atopar este impreso na ligazón da web da ORI: [https://www.udc.gal/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade-nacional-sicue/](https://www.udc.gal/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade-nacional-sicue/) na convocatoria SICUE 2024/2025, e xunto con máis información na seguinte ligazón da CRUE: <https://www.crue.org/sicue/>.
- Só poderán **ampliar estadía** do primeiro semestre a estadía anual enviando á ORI a proposta de ampliación da estadía asinada, segundo impreso C, no prazo máximo estipulado pola CRUE para cumprimentación do acordo académico e sinatura electrónica do centro de destino segundo cuatrimestre, é dicir **antes do 11 de novembro de 2024**.
- O acordo académico aceptado polas tres partes implicadas (alumnado, centro de orixe e centro de destino) terá carácter oficial de contrato vinculante para os asinantes. Este será xestionado polos coordinadores dos centros de orixe e destino, coa colaboración das administracións dos respectivos centros.
- O prazo para formalizar o acordo académico entre o estudante e o/a coordinador/a da UDC será:
  - Ata o 15 de xullo de 2024 para acordos académicos de mobilidade do primeiro cuatrimestre e anuais
  - Ata o 28 de outubro de 2024 para acordos académicos de mobilidade do segundo cuatrimestre

Código Seguro De Verificación	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- O acordo académico **só poderá ser modificado no prazo dun mes desde o inicio do semestre no cal o/a estudante inicia a mobilidade**. Calquera modificación do acordo académico deberá indicar claramente as materias que se engaden, as que se eliminan e as que non se modifican, e estará asinado polas tres partes implicadas (alumnado, centro de orixe e centro de destino). Os estudantes con mobilidades anuais, poderán tamén facer unha modificación do acordo académico no prazo dun mes desde o inicio do segundo semestre, sempre que se dea unha situación excepcional e que sexa debidamente xustificada pola universidade de destino. Esta modificación só poderá afectar a materias que en destino se imparten no segundo semestre.
- Os/as estudantes que teñan concedida unha estadía anual e queren reducir a unha estadía semestral deberán ter en conta o seguinte:
  1. Só poderán reducir estadía anual a só o primeiro semestre enviando á ORI a proposta de redución da estadía, segundo impreso C, no prazo dun mes desde o inicio do primeiro semestre en destino.
  2. Non se admitirán **reducións de estadía** anual a só o segundo semestre se na oferta de prazas existía a posibilidade de solicitar unha estadía semestral no prazo de solicitude da convocatoria de prazas. Só se admitirán redución de estadía anual a o 2º semestre, se non había oferta de praza semestral, e que a redución sexa solicitada antes de nominar candidatos a destino, é dicir **antes do 7 de xuño de 2024**.
- Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os plans de estudo de máster e de doutoramento.
- O alumnado participante no programa SICUE non poderá obter máis dun intercambio na mesma universidade de destino, nin máis dun intercambio SICUE no mesmo curso académico.
- O alumnado cando chegue á universidade de destino deberá encher o modelo de **certificado de inscrición** (impreso F) que poderá atopar na web da ORI. Unha vez asinado polo coordinador SICUE da universidade de destino, debe remitilo por correo electrónico ao enderezo: [sicue.sainte@udc.gal](mailto:sicue.sainte@udc.gal) .

## REQUISITOS XERAIS

Para asegurar que o estudantado coñece ben o seu sistema docente, este intercambio deberá realizarse unha vez **superáronse no plan de estudos no que se solicite a mobilidade** na universidade de orixe os seguintes requisitos:

- Ter superados no plan de estudo da universidade de orixe un mínimo de **45 créditos** no curso anterior 2022/23 (antes do 15/10/2023).

Código Seguro De Verificación	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Estar matriculado ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes, nun mínimo de **30 créditos** no curso 2023/2024.
- Os/as estudantes procedentes de traslado deberán ter superados os 45 créditos na UDC, onde solicitan a mobilidade. Os créditos recoñecidos por traslado non contan.

## SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O estudantado que reúna os requisitos mencionados e estea interesado nesta convocatoria deberá presentar a súa solicitude enchendo o formulario que atopará no Portal de solicitude dispoñible na ligazón:

[https://www.udc.es/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade-nacional-sicue/](https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade-nacional-sicue/)

Só se podera presentar unha única solicitude. O estudantado accederá ao portal coas súas credenciais de usuario/a da UDC. **Antes de comezar a cubrir a solicitude, o/a estudante debe ler detidamente as instrucións que están publicadas na páxina web da ORI.** As solicitudes que non sexan cubertas polo/a estudante seguindo esas instrucións, ou que non estean correctamente cubertas no portal para estudantes SICUE, poderán ser excluídas do proceso de selección. Na súa solicitude, o/a estudante debe indicar, como dirección de correo electrónico única e exclusivamente o enderezo institucional @udc.es, da que dispoñen todos os membros da comunidade universitaria. **As solicitudes en que se indique un enderezo de correo distinto do institucional @udc.es poderán ser excluídas do proceso de selección.**

O/a estudante seleccionará a institución ou as institucións de destino en que desexe realizar a súa estadia dentro das ofertadas para a súa titulación. O/a estudante poderá solicitar, por orde de preferencia, ata un máximo de 5 oportunidades de estadias.

O prazo estará aberto desde o **19 de febreiro de 2024 ata as 23:59h do 4 de marzo de 2024.**

A solicitude deberá realizarse logo do Visto e Prace do/da coordinador/a-de intercambio SICUE da súa facultade ou escola. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a ORI enviaralle unha relación das solicitudes presentadas ao/á coordinador/a de cada centro para a súa validación definitiva. Unha vez comprobada, este/a deberá remitir as observacións correspondentes por correo electrónico ao enderezo: [sicue.sainte@udc.gal](mailto:sicue.sainte@udc.gal)

## TRAMITACIÓN E PROCESO DE ADXUDICACIÓN

Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes, estas examinaranse para comprobar que cumpran os requisitos citados anteriormente. Ademais, os/as solicitantes de unha mobilidade SICUE que xa aceptase unha mobilidade internacional Erasmus ou Bilateral na convocatoria de mobilidade

Código Seguro De Verificación	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





internacional 2024/25 para o mesmo período de estadía que o solicitado para SICUE, serán excluídos de oficio.

Enviarase un correo electrónico aos estudantes excluídos e publicaranse na web da ORI, a relación provisional de persoas excluídas no proceso selectivo.

O estudiantado que figure na listaxe de excluídos disporá dun prazo de 5 días naturais, desde o día seguinte á publicación da listaxe o desde a recepción do correo electrónico da ORI, para emendar os defectos da súa solicitude ou presentar alegacións. En ningún caso se poderá emendar como causa de exclusión a aceptación dunha mobilidade Erasmus ou Bilateral.

O procedemento de selección do estudiantado farase conforme aos requisitos xerais especificados no relativo a créditos superados. Ao estudiantado que non cumpra estes requisitos seralle denegada a petición, sen entrar a valorar o seu expediente académico, como se indica a continuación neste mesmo artigo.

Reservarase un 5% da totalidade das prazas dispoñibles para o estudiantado que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. En caso de non seren cubertas, pasarán ao alumnado sen discapacidade recoñecida.

A selección do estudiantado levarase a cabo en función da nota media de cualificación. En caso de empate, sempre e cando non se contraveña a normativa interna da universidade, que prevalecerá en casos de conflito, terá prioridade o alumnado con maior número de créditos con matrículas de honra. De continuar o empate, prevalecerán como criterios de prioridade o menor número de créditos suspensos e o maior número de créditos superados, nesa orde. Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas ata o curso anterior 2022/23 (ata o 15/10/2023).

Terase en conta a cualificación obtida na última convocatoria, salvo o «Non presentado» que non computará no numerador nin no denominador.

A nota media do expediente académico de cada alumno e alumna calcularase de acordo coa seguinte fórmula: suma dos créditos cualificados (isto é, créditos superados con calquera cualificación e créditos suspensos), multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións obtidas na escala 0 a 10 e dividida polo número de créditos totais cualificados ao alumno ou alumna.

Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia. O recoñecemento de créditos que non teña cualificación non se terá en conta para os efectos da ponderación.

Naqueles casos nos que nun expediente non figure, en todas ou nalgunhas das materias, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra 10,0 puntos

<b>Código Seguro De Verificación</b>	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Sobresaínte	9,0 puntos
Notable	7,5 puntos
Aprobado	5,5 puntos
Suspenso	2,5 puntos

A selección das persoas candidatas será realizada pola Comisión de Valoración, composta por:

- o Presidente: Vicerreitor de titulacións e Internacionalización, Moises Canle
- o Vogal: Director da Oficina de Relacións Internacionais, Bruno Casal
- o Vogal: Coordinador da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol, Marco Campo
- o Vogal: Coordinador da Escola Técnica Superior da Arquitectura da Coruña, Patricia Alonso
- o Secretaria: Técnico en Relacións Internacionais, Sandra King

As prazas distribuiranse por orde de puntuación. Non se poderán adxudicar máis prazas que as aceptadas nos acordos bilaterais. Darase prioridade ao estudiantado que non teña realizado estadias previas no marco do programa SICUE, fronte a candidatos que xa teñan realizado unha estadia SICUE en anos anteriores, aínda que estes últimos teñan maior puntuación. En ningún caso, concederáse unha segunda mobilidade SICUE a un mesmo destino.

## RESOLUCIÓN

A Comisión publicará antes do **5 de abril de 2024** a *Resolución de adxudicación provisional* de persoas adxudicatarios, suplentes e excluídos. Todas as listaxes serán publicadas na Sede Electrónica da UDC e na ligazón: [https://www.udc.es/en/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade-nacional-sicue/](https://www.udc.es/en/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade-nacional-sicue/)

As persoas interesadas poderán presentar reclamación, segundo o procedemento establecido na dita resolución provisional, no prazo de **10 días hábiles**, que conta desde o día seguinte á súa publicación, ante a Comisión de Valoración, unicamente cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- Que se cometera algún erro por mor da interpretación equivocada dos documentos achegados ou da valoración do seu expediente académico.
- Que apareza ou se acheguen novos documentos de valor esencial para a resolución.
- Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.
- Outras circunstancias debidamente xustificadas.

Unha vez resoltas as reclamacións, publicarase a *Resolución definitiva*, da mesma forma que a provisional, e establecerase un prazo e o procedemento para aceptar/renunciar ao intercambio.

Código Seguro De Verificación	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



No caso de que se producisen renuncias, o resto das persoas candidatas que reúnan os requisitos, e que non conseguiron ningún destino, pasarán a formar parte das listaxes de agarda, ordenadas por rigorosa orde de puntuación, de acordo cos criterios establecidos. Estas renuncias só serán atendidas se non prexudican procesos posteriores.

Non obstante, sobre a base do anterior, no caso de que o estudantado a quen se lle tivese adxudicada unha praza de mobilidade non formalice a aceptación ou renuncia no prazo fixado, entenderase por desistido o seu dereito de solicitude, a UDC poderá anulala de oficio e outorgar automaticamente a praza á seguinte persoa na listaxe de agarda, se houberse.

## PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a ORI publicará na sede electrónica da UDC e na súa web (<https://www.udc.es/gl/ori>) a relación das actividades e a identidade das persoas beneficiarias ou, de ser o caso, as actividades excluídas e a causa da súa exclusión, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia desta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 9811677000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal)

A presentación da solicitude implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola universidade e, no caso de que lle sexa asignada unha praza, cedidos á universidade de destino do intercambio, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión do programa de mobilidade. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo

<b>Código Seguro De Verificación</b>	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		







caso, durante os prazos de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos persoais.

A persoa interesada consinte o tratamento dos datos a efecto de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do seu tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal), con referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente, poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos (AEPD).

Para máis información diríxanse á Oficina de Relacións Internacionais:

## CAMPUS DA CORUÑA

Casa do Lagar

Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1959 /1960)

[sicue.sainte@udc.gal](mailto:sicue.sainte@udc.gal)

## CAMPUS DE FERROL

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Tel: 981 337 400 (ext. 3634)

[sicue.sainte@udc.gal](mailto:sicue.sainte@udc.gal)

O Vicerreitor de titulacións e internacionalización,

Moisés Canle López

Código Seguro De Verificación	Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	14/02/2024 13:18:46
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Y24uw2cackb03L4QdqMfMA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

